



## Concello de Mugardos

### Proxecto de ordenanza modificación do Regulamento de Réxime Interior da Escola Infantil As Lagoas

**Trámite:** audiencia e participación pública

Tomado en consideración o proxecto de modificación do Regulamento de Réxime Interior da Escola Infantil As Lagoas (artigos 5, 6, 7 e eliminación disposición transitoria), de conformidade co indicado no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ábrese un prazo de participación pública durante quince días hábiles co obxecto de dar audiencia ás persoas, asociacións e organizacións cuxos dereitos e intereses ou intereses lexítimos se consideren afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

Para tal efecto ponse a disposición na sede electrónica do concello o formulario “Participación na elaboración da Normativa” no seguinte enlace <https://mugardos.sedelectronica.gal/dossier.7>.

Formulario que estará igualmente disponible no Rexistro Xeral do concello.

Rematado o prazo as aportacións e suxerencias serán obxecto de estudo e redacción de documento que acompañarán ao proxecto que sexa elevado novamente ao Pleno para aprobación inicial e realización da fase de información pública e presentación no seu caso das alegacións polas persoas que de xeito motivado sexan titulares de dereitos ou intereses lexítimos. De presentarse así alegacións ou reclamacións, o expediente será novamente sometido a aprobación do Pleno con estimación ou desestimacións das alegacións ou reclamacións presentadas, fase á que seguirá a de publicación íntegra do texto da ordenanza no BOP de A Coruña e no Portal de Transparencia (artigo 49 de la Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local), sen que entre en vigor ate que teña transcorrido o prazo de quince días hábiles aos que se refire o artigo 65.2º e 70.2º Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

Este anuncio permanecerá a disposición pública ate que remate do prazo de participación na páxina web do concello..

Documentación obxecto de publicación:

- Proxecto de modificación e texto consolidado do Regulamento de Réxime Interior da Escola Infantil de As Lagoas.

Así mesmo e coa mesma data procédese á publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello e no portal de transparencia no que estará disponible o certificado do acordo de Pleno adoptado en sesión extraordinaria urxente con data 02.09.2022 e o informes técnicos municipais (<https://gestion-09.espublico.com/dossier.195>).

Este anuncio permanecerá a disposición pública ate que remate do prazo de participación.

Mugardos, na data da sinatura electrónica á marxe.

O Alcalde

Juan Domingo de Deus Fonticoba

